

XMAB. Unha sombra polas eiras

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VV. AA. (2013 [2008]). “XMAB. Unha sombra polas eiras”. *Galicie Hoxe*. “Revista das Letras”: 718 (17 de maio), 1-20. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2603>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VV. AA. (COORDS.) (2008). “XMAB. Unha sombra polas eiras”. *Galicie Hoxe*. “Revista das Letras”: 718 (17 de maio), 1-20.

* Edición dispoñíbel desde o 6 de maio de 2013 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

17 MAIO DO 2008 - NÚMERO 718

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



XMAB


Unha sombra polas eiras

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



17 DE MAIO
Día das
Letras
Galegas



XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE





Na imaxe, Álvarez Blázquez amosa un dos seus achados arqueolóxicos –envolto nunha folla de Faro de Vigo– durante unha conferencia a finais dos anos cincuenta. Detrás del, obsérvao Eliseo Alonso

rdL | 3
Galicia Hoxe 17/05/08




XMAB

Unha sombra polas eiras

Eu sempre a me esconder, e a vida sempre / a se me pór dedicante de espantallo. *Estes versos de Xosé María Álvarez Blázquez en Canle segredo revelan a traxedia que viviron os homes e as mulleres do exilio interior durante a ditadura. O golpe de estado de 1936 non só entoldou o seu horizonte senón que tamén se lle cebou na familia: o seu pai Darío e seu primo Alexandre Bóveda foron asasinados, o seu tío Xosé autoexcluíse da vida. El*

mesmo foi desterrado a Zamora. A súa é unha historia de supervivencias, dun continuo recomenzar proxectos, de combates continuos e dunha paixón desbordante que o axudou a superar todos os muros, incluso o do silencio: até o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega foi publicado moito despois da súa morte. El, XMAB, era un neno que pasou a vida tripando a súa sombra polas eiras [versos tamén de Canle segredo, escrito en 1954 pero editado en 1975] recibirá hoxe, 17 de Maio, a homenaxe de Galicia e a esa homenaxe acode Revista das Letras cun monográfico que lle dá nome á sombra grazas a Celso e Xosé María Álvarez Cáccamo, Darío Xohán Cabana, Miro Villar, Manolo Bragado, Xavier Rodríguez Baixeras, Carlos Callón, Manuel Forcadela e María Dolores Cabrera. Como fío deste monográfico, os debuxos da súa filla Berta Cáccamo, que ademais de nome lle devolven á sombra alostros de luz.



O heroe cultural

Darío Xohán Cabana

E*u traballei con Xosé María Álvarez Blázquez nas Edicións Castrelos. Vigo, 1971, 1975. Xosé María empezaba a ir para vello; pero o que eu vin foi un home activo, arriscado, militante, entusiasta. Do que menos falaba era se cadra de poesía; o que eu máis coñecín foi o xenial editor, o erudito, o mestre oral, o antifranquista radical, o nacionalista inatacable ós ácidos. Mais non farei aquí memoria persoal del, senón que intentarei apreixar algúns alustros do seu significado histórico na recuperación cultural galega despois do gran desastre de 1936.*

En 1936, ás xentes que se puxeran na primeira fila coas Irmandades da Fala fóranse sumando en continuo incremento –e ás veces en contradición– promocións máis novas, desde a chamada **Xeración Nós**, o grupo do Seminario e os poetas de 1925 ata os que daquela acababan de entrar ou estaban entrando na maioría de idade civil, coma tal **Xosé María Álvarez Blázquez**, que fixo 21 anos o 4 de febreiro, doce días antes do estrepitoso triunfo electoral da Fronte Popular. A vitoria das esquerdas e a conseguinte aprobación do Estatuto de Autonomía no referendo do 28 de xuño creaban as condicións obxectivas para un gran salto adiante na construción da cultura nacional, pois as forzas intelectuais naquel intre actúantes en Galicia acadaran unha densidade e unha potencia de fogo nunca antes vistas, até o punto de podermos empregar –se quixermos– a metáfora atómica de «masa crítica» para referirnos ó capital de enerxía creadora acumulado naquel intre histórico.

Todo isto ficou afogado en sangue e en terror a partir do 18 de xullo. XMAB, fillo de pai fusilado, curmán político de **Alexandre Bóveda**, mestre de escola expedientado, foi obrigado a ingresar no exército de Franco. Grazas á súa miopía, destinárono ó corpo de Intendencia, no Hospital Militar de Santiago, exactamente onde hoxe está o goberno autonómico de Galicia.

Hai poucos días, Xosé María Álvarez Cáccamo atopou un documento impresionante, datado en 1937 pola man de seu pai: un proxecto de Biblioteca Básica Galega cun plan editorial que abranguía desde o Rexurdimento ata os autores máis novos, algún dos cales fora xa liquidado pola barbarie fascista. Liquidado fora tamén o grande editor do Segundo Rexurdimento, **Ánxel Casal**, propietario das **Edicións Nós** e alcalde de Santiago pola Fronte Popular; en 1937, con furioso optimismo, XMAB facía plans para continuar a súa obra en canto a República gañase a guerra...

Mais como a perdemos, non puido empezar tan axiña a tarefa, nin coas mesmas forzas. O pulo cultural republicano e galeguista quedara tronzado, e só unha longa década máis tarde se puideron reiniciar, en condicións moi difíciles, as tarefas da reconstrución, nas que, como é ben sabido, participaron desde Cabanillas e Otero Pedrayo ata a nova e gran xeración que se constituíu na década dos cincuenta e que se pode simbolizar en **Manuel María** e **Méndez Ferrín**. Neste labor teimudo e heroico combateu en moi diversas fronte XMAB, como artesán e como enxeñeiro, en feliz expresión de María Xesús Nogueira; dito dun xeito máis vulgar, como todote-reo da cultura.

E en primeiro lugar como arqueólogo, vocación xa iniciada antes da Guerra, pero que nos anos corenta converteu nunha auténtica profesión non remunerada. É ben sabido tamén que a arqueoloxía –o remoto pasado, sempre idealmente glorioso– foi unha especie de activo refuxio para moitos galeguistas, membros do liquidado **Seminario de Estudos Galegos** ou fillos intelectuais del, que mantiveron aceso o lume sagrado e que, habilmente incrustados nunhas actividades aparentemente apolíticas, mantiveron o espírito científico de Cuevillas e continuaron –Cuevillas o primeiro– a súa grande obra. Eses son **Fermín Bouza-Brey**, **Xesús Taboada Chivite**, **Xosé María Álvarez Blázquez**. Como arqueólogo, XMAB é un dos grandes do seu tempo, que é aínda o tempo dos fundadores: a el débese a iniciación dos estudos do Paleolítico en Galicia, a fulgurante recuperación e o estudo das estelas funerarias do Areal, a creación da sección arqueolóxica do Museo de Castrelos de Vigo, e outros importantes descubrimentos e contribucións ó estudo da Idade do Bronce, do mundo castrexo e da herdanza romana.

Mais como historiador non se mantivo nos límites da arqueoloxía. A historia tirada das fontes escritas foi outra das súas grandes leiras, e nela deixou obras maxistras coma *A cidade e os días*, que presenta o devir de Vigo dunha maneira rigorosa e vívida. Historia local, si; mais tratándose dunha cidade coma Vigo, gran motor portuario e industrial de Galicia, decatámonos de que a contribución de XMAB, que tan ben representou o XIX vigués, é tamén importante para a nosa historia nacional.

O labor de XMAB como estudoso e divulgador da literatura foi transcendental por moitas razóns, e unha das máis importantes son os dous primeiros volumes da *Escolma de poesía galega* publicada por **Galaxia** entre 1953 e 1959, biblia literaria daqueles anos decisivos. Non falarei do segundo tomo, que subverteu a visión dos chamados “séculos escuros” como deserto literario case absoluto. Direi só que o primeiro, o correspondente á Escola medieval galego-portuguesa, ten entre outros dos grandes méritos: un deles, intrínseco, é que a selección está moito ben feita dende o punto de vista poética, e que os estudos individuais dos trobadores –tan ben escritos!– estableceron de modo inapelable o que é realmente cada un; os xuízos críticos de XMAB fican insuperados, e son probablemente insuperables. Outro dos méritos é histórico: a poesía dos trobadores forma hoxe parte importante do imaxinario nacional popular galego, cousa que non sucede nos outros países onde tal cousa podería ocorrer, como son Occitania, Francia, Alemaña e, naturalmente, Portugal e Brasil. Esta entrada dos nosos trobadores na materia dos soños populares está fundamentada naquela feliz escolma de 1953.

En canto á obra de XMAB como editor, conviría non mesturar nin confundir as súas dúas etapas, que son as de Monterrey e de Castrelos. As Edicións Monterrey iniciaron a súa andaina en 1950. Eran os tempos do rexurdir editorial da lingua: **Benito Soto** e Bibliófilos Gallegos empezan a publicar en galego en 1949, Galaxia en 1951. Durante algo máis dunha década, Monterrey foi unha pequena e importante editorial que publicou libros moi fermosos en edicións xeralmente numeradas e curtas, mais que tamén conta co mérito histórico de lanzar o que logo de chamou *Nova Narrativa Galega* imprimindo as obras de Rodríguez Mourullo, *Nasce un árbore* e *Memorias de Tains*.

Pero a grande empresa editorial de XMAB foi Edicións Castrelos, que a partir de 1967 desempeñou un papel verdadeiramente revolucionario.

A mediados e finais da década dos 60 algo estaba cambiando en Galicia. O nacionalismo organizábase de novo (**UPG, PSG...**), nidiamente de esquerdas; o PCE crearía logo unha sección galega chamada **PCG**, informada en boa parte polo galeguismo lingüístico e cultural; nacía un movemento agrario simbolizado na loita contra o encoro de Castrelo de Miño; o sindicalismo obreiro clandestino adoptaba en gran parte o galego como lingua pública, e o mesmo facía o poderoso movemento estudantil que estoupou en Santiago en febreiro de 1968.

XMAB foi o editor que os novos tempos precisaban. A finais de 1967 puxo en marcha, baixo o selo de Edicións Castrelos, dúas coleccións xeniais: *O Moucho* e *Pombal*.


A colección O Moucho, que tiña como lema “libros do pobo pra o pobo”, incíase co libriño *O catecismo do labrego*, e nun ano vendéronse vinte mil exemplares. Para termos unha idea: aproximadamente o mesmo número de exemplares que as Edicións Nós de Ánxel Casal conseguiran vender en dez anos dos seus máis de setenta títulos.

Coas Edicións Castrelos, XMAB converteu **Rosalía de Castro**, **Eduardo Pondal** e **Curros Enríquez** en autores verdadeiramente populares. Antes de Castrelos, as edicións eran de cincocentos exemplares, de mil. En Castrelos, n’ *O Moucho* e en *Pombal*, eran de 3.000 e 5.000.

Durante unha década decisiva, Castrelos, obra exclusiva do xenio cultural e comercial de XMAB, fabricou e vendeu polo menos 600.000 exemplares, o cal representa un libro por cada catro galegos.

Isto foi unha revolución. Ánxel Casal só fabricara un libro para cada cen galegos, e antes da aparición de **Castrelos**, no ano 1967, probablemente non chegaba a haber un volume en galego por cada dez habitantes do noso país. Como editor, XMAB dinamitou todos os teitos de difusión do libro galego e inaugurou unha nova época.

.....
Darío Xohán Cabana é escritor. Traballou con XMAB na editorial Monterrey a primeiros dos anos setenta.



A liñaxe poética

Miro Villar

Entrar no poema ten o mesmo movemento das rúas de Tui / que procuran as palabras do encontro co pai na raia. [Xosé M^a Álvarez Cáccamo, ***Praia das furnas***. 1983]. *Estes versos de homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez, escritos por un dos seus fillos, serven de porta para entrarmos na casa da liñaxe poética máis fecunda da literatura galega, unha edificación de máis dun século, construída até hoxe por catro xeracións diferentes, na que as diferentes estancias foron preservando e conservando os antigos e románticos mobles decimonónicos ao tempo que se lle ían engadindo novas arquitecturas modernas e contemporáneas que viñeron a acrecentar o brillo lírico dos devanceiros.*

(segue na páxina 9)

Un catálogo imprescindible para coñecermos esta estirpe de autores é o volume *Escolma de familia* (Cen anos de poesía) (2000), que preparou o amigo da casa e poeta **Xavier Rodríguez Baixeiras**. As súas páxinas antologan a obra de **Emilio Álvarez Giménez** (1830- 1911), autor dos versos en castelán de *Humildes* e da peza en galego *Mari-Castaña, drama hestórico nun auto i en verso*, que **Xosé María Álvarez Blázquez** recuperou no nº 50 dos *Cadernos da Escola Dramática*; do fillo do primeiro, **Xerardo Álvarez Limeses** (1871-1940), autor de *Margaritas, Versos Morales* e *Antre dous séculos. Versos gallegos*, a primeira obra lírica en galego da liñaxe; dos sobriños deste, **Emilio Álvarez Blázquez** (1919-1988), autor de *Poemas de ti e de min*, escrito xunto ao seu irmán Xosé María, de *Romance del peón caminero* e *O tempo desancorado* (Poemas para **María Blázquez**), e Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985), fundador das Edicións Monterrei e Edicións Castrelos e autor do citado *Poemas de ti e de min* e de títulos como *Roseira do teu mencer*, *Cancioneiro de Monfero* ou *Canle segredo*; de **Emilio Álvarez Negreira** (1926-2002), autor do libro en castelán *Madrigal*, que aparece na vizosa colección pontevedresa “Benito Soto”; para rematar nos fillos de Xosé María Álvarez Blázquez, **Xosé María** (n. 1950), **Alfonso** (n. 1952) e **Celso Álvarez Cáccamo** (n. 1958), que pecha polo de agora a liñaxe, todos tres autores dunha obra poética aínda aberta, na que sobrancea con luz propia a de Xosé María, un dos poetas máis representativos da promoción dos 80, e que publicaría o seu primeiro libro, aínda en castelán, nas Edicións Castrelos de seu pai. Canda eles aínda outros nomes que deixamos fóra ben por seren ensaístas ou prosistas, como **Xerardo Álvarez Gallego**, **Darío Álvarez Blázquez**, **Darío** e **Alfonso Álvarez Gándara**, ou por seren artistas, como **Berta** (Álvarez) **Cáccamo** ou **Darío** (Álvarez) **Basso**.

A liñaxe poética dos Álvarez estableceu entre si unha serie de vasos comunicantes nestas catro xeracións. Son moitos fíos que enlazan no nobelo poético familiar e que revelan o (re)coñecemento pola obra dos devanceiros. Na opinión de Xavier Rodríguez Baixeras habería certas ligazóns entre os estilos, nomeadamente na presenza da natureza, no uso do humor e nas referencias á propia familia. Por parte, a profesora e crítica **Teresa Seara** na recensión á citada *Escolma de familia*, que se publica no *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 9 (2000), detalla de maneira magnífica todas as peculiaridades de cada un dos camiños poéticos percorridos por todos estes autores que conforman a estirpe poética dos Álvarez e fai fincapé novamente nas autorrefencias á liñaxe:

Igualmente obsérvase a recreación do mundo familiar, así fillos e netos homenaxeaban a **Darío Álvarez Limeses** –pola súa coherencia de ideas e o valor á hora de enfrontar a morte–, **Xosé María Álvarez Blázquez** dedicarlle á súa filla **Colorín** os versos de *Roseira do teu mencer* e, nas últimas promocións, aparecen as figuras pater nas como garantes da memoria. Eis a nai en *Na flor do vento* de Alfonso Álvarez Cáccamo: “Polo Patio dos Ventos, / entre sillóns durmidos,/ a nai arrastra follas da parra morta./ Quizais leva un segredo nos seus beizos de muller/ ou unha lista de receitas perfectamente aprendidas;/ quizais cavila na ingrata diversión dos netos/ que estoupan a tarde con petardos mudos./ Xa rematou de varrer e debe repartir recados na porta de abaixo”.

A nosa lectura da obra poética completa (e aínda inconclusa) do mellor poeta desta liñaxe, Xosé María Álvarez Cáccamo, que se converte (de maneira consciente ou non) no notario dun legado familiar, permiten que a través dos seus versos coñezamos polo miúdo as paisaxes mariñas e terrestres, os obxectos das diferentes casas habitadas e a toponimia (mesmo a microtoponimia) de Tui, de Pontevedra, de Vigo ou doutras localidades importantes na conformación do discurso cultural familiar. Como subliña o crítico e poeta **Arturo Casas**, no prólogo ao libro de poemas *Calendario perpetuo* (1997):

Estamos en realidade perante un novo capítulo da

auto-indagación poética de Álvarez Cáccamo como eu-autor, como rede de textos-memoria sometidos á exploración dialéctica e dialóxica.

En efecto, nesta rede de textos-memoria a liñaxe é un chanzo importante para a (re)construción biográfica. Son moitos os versos que lembran e reivindicán a figura do pai, Xosé María Álvarez Blázquez, mais non só na súa dimensión paterna senón tamén na cultural e na intelectual. É de salientar a dedicatória *Á memoria do meu pai. Á miña nai* que abre o libro *Arquitecturas da cinza* (1985), mais tamén versos como os que figuran en *Luminoso lugar de abatimento* (1987), nos que se dialoga coa súa obra poética:



Un era eu, o fillo, escrito con palabras / do teu soneto insomne. E agora, para sempre, / desperto en noite branca, ti es o meu proxecto: / un pai que nunca dorme.

Por parte, a dimensión humana está máis perfectamente deliñada no *Romance do corazón do meu pai*, que se inclúe en *Cimo das idades tristes* (1988), ou en moitos versos do libro *O lume branco* (1991) ou nos diálogos establecidos co pai en *Colección de espellos* (1994) ou en *Calendario perpetuo* (1997). Obsérvase, pois, a presenza case obsesiva e sempre recorrente de Xosé María Álvarez Blázquez, o que demostra a débeda permanente e a decisión de valorizar o herdo recibido. Así o souberon ver os poetas Fernán-Vello, no prólogo a *Luminoso lugar de abatimento* (1987) ou Méndez Ferrín nos primeiros parágrafos do seu limiar a *Os cadernos da ira* (1999).

Alén do pai, na poesía de Xosé María Álvarez Cáccamo están tamén moi presentes outros membros da estirpe, mesmo moitos dos que non foron tocados pola musa das artes, velaí a presenza continuada da nai en toda a obra ou o retrato conmovedor do avó **Pedro Cáccamo** en *Colección de espellos* (1994). Porén, será a sombra da morte de Darío Álvarez Limeses, pai dos irmáns Álvarez Blázquez, fusilado polos fascistas en Tui en 1936, que xa fora lembrada anos despois de acontecer, polo seu fillo Emilio en *O tempo desancorado* (1988): É noso pai quen chama. / Vén triste, esfafrapado, e nós non temos nada., morte que ocupa os versos máis doridos na memoria de Cáccamo. Velaí os poemas *Furna do encontro de Darío Álvarez Blázquez con Darío Álvarez Limeses* en *Praia das furnas* (1983) ou “1936” e *Xogos Florais* en *Colección de espellos* (1994).

As pegadas dos antergos non desaparecen, pola contribúen ao humus lírico dos seus continuadores, e, malia a desaparición natural ou forzada das primeiras xeracións, a liñaxe poética dos Álvarez continúa aínda a dar o seu froito na historia da nosa literatura. Saúde.

.....
Miro Villar é poeta e investigador. Traballou sobre a obra de Emilio Álvarez Blázquez, irmán de Xosé María



O Vigo de XMAAB

Manolo Bragado

X

Xosé María Álvarez Blázquez uniu o seu destino á cidade de Vigo cando en 1937 foi destinado á escola de **Coia** (Vigo), como “mestre provisional”, tras aprobar a oposición ao corpo de mestres. Mais, poucos días despois de comezado o curso,

o 28 de outubro foi sancionado, como tantos outros mestres republicanos, con suspensión de emprego e soldo por seis meses, inhabilitación para o exercicio de cargos directivos de confianza e traslado á escola de **Coreses**, unha viliña da provincia de Zamora. O expediente de depuración acusaba a Xosé María de “**militar en organizaciones afectas a la República, ser galleguista-separatista y mostrar actitudes contrarias a la Causa Nacional**”. Á volta de Coreses –onde a pesar do desterro desenvolveu unha valiosa experiencia pedagóxica, recollida no seu diario escolar, e mantivo en *El Correo de Zamora* a sección xornalística *Parte neutral* (colaboracións en ton humorístico sobre a marcha da Segunda Guerra Mundial que asinaba baixo o pseudónimo de A. del Sarne)– a finais de 1941, solicitou a excedencia voluntaria, volveu a Galicia e estableceuse definitivamente con toda a súa familia en Vigo,

(segue na páxina 12)

primeiro nun piso alugado na **rúa García Barbón** onde tiña consulta o seu irmán Darío e, máis tarde, en Marqués de Valladares. Iniciábanse así catro décadas de relación ininterrompida de Xosé María coa cidade de Vigo, onde casaría en 1946 con **María Luísa Cáccamo Frieben**, onde nacerían todos os seus fillos e onde desenvolvería, coa breve paréntese da súa estancia en Oviedo durante o ano 1966, toda a súa a actividade profesional como administrativo, editor, profesor e xornalista e o seu traballo como escritor, investigador e polígrafo galeguista.

Dende 1946, ano do seu casamento, a familia Álvarez Cáccamo instalouse nun quinto piso de **Gran Vía 326** (hoxe 180), no vigués barrio de Travesas, onde Xosé María instalou a súa biblioteca, o seu primeiro obradoiro literario e de investigación erudita. Tres anos despois, abriría xunto co seu amigo o inspector de Educación **Luís Viñas Cortegoso**, a **Librería Anticuaria Monterrey** no número dezaioito da **rúa de Pi y Margall** (daquela General Aranda), local no que desenvolvería a súa actividade libreira e editorial (desde 1950 como Edicións Monterrey e logo, desde 1963, como **Edicións Castrelos**) e mantiña o seu arquivo (o denominado Arquivo Monterrey), ata que no ano 1979 foi liquidada a librería e vendido os fondos de Edicións Castrelos á editorial **Galaxia**. Os espazos do barrio de Travesas e os do chamado Barrio do Cura (ese triángulo vigués formado polo paseo de Afonso, a rúa Falperra, onde estaba instalada a *Serigrafía Gallega* do seu irmán **Álvaro**, e os das **Casas de Pescadores**, onde tiña a súa oficina a Confraría de Pescadores San Francisco, na que traballou como secretario, moi preto, tamén, da Escola Náutico Pesqueira, na que traballou desde 1970 como profesor de Formación Humanística) foron os máis cotiáns para Xosé María. Espazos vigueses aos que habería que engadir unha casa de pescadores na praia da Calzoa, no **barrio de Carrasqueira de Coruxo**, que dende 1948 alugou a familia durante o verán e que, máis tarde, pasaría a ser da súa propiedade.

Desde que en 1949 foi nomeado Comisario de Escavacións Arqueolóxicas, Xosé María comezou un traballo moi intenso como estudoso e divulgador da historia dunha cidade á que profesou unha admiración tan teimosa e continuada como, ás veces debemos recoñecer, desbordada. En 1950 obtivo o primeiro premio nos Xogos Florais de Vigo polo seu traballo de carácter histórico *Hechos y figuras de Vigo*. No ano seguinte dirixiu as escavacións do Castro (que retomaría en 1970) e en 1953, como arqueólogo eminentemente práctico que era, xestiona o descomunal achado das estelas funerarias do Areal de Vigo e o seu traslado ao **Museo Quiñones de León**, no que anos despois montará a súa sección de Arqueoloxía e do que en 1981 será nomeado Xefe do Departamento de Historia de Vigo e a súa bisbarra.

En 1958, obtivo o Premio Álvarez García da **Asociación da Prensa de Vigo** polo seu traballo *Martín Codax, cantor del mar de Vigo* (traballo que será editado en 1962 e reeditado en galego por Xerais en 1998, coa primeira reprodución que se fixo en Galicia do *Pergameo Vindel*). Foi, tamén, a finais dos anos cincuenta, cando Xosé María comezou a súa actividade de divulgación radiofónica, primeiro na emisora La Voz de Vigo, coa emisión semanal sobre temas marítimos *Ventana al mar*, e que continuaría o ano seguinte no mesmo dial con *Buenas tardes Galicia*. A súa actividade radiofónica proseguiría en 1960 en Radio Vigo, cos espazos titulados Cada día tiene un suceso, baseado no proxecto A cidade e os días, ao que logo nos referiremos, e nos anos seguintes, Reloj de sol e Reloj de arena. Mais quizais o espazo radiofónico máis lembrado polos vigueses de todos os que argallou Xosé María foi o que mantivo diariamente, sen interrupción dende 1965 a 1968, en Radio Vigo titulado *Mar de historias*, no que ás dúas da tarde e durante cinco minutos, xeralmente, o locutor **Pepe Vázquez** poñía voz aos relatos e curiosidades literarias escritas polo xenial Xosé María.

A divulgación xornalística sobre a historia viguesa nos medios impresos foi outra das súas angueiras. En 1959 desenvolveu nas páxinas de *Faro de Vigo*, dirixido daquela por **Francisco Leal Insua** (o home da pintora **Xulia Minguillón**), a proeza de escribir, empregando a forma de efemérides e baixo o título xeral de *Calendario histórico de Vigo*, o que constitúe até agora a obra máis orixinal e singular da historia local viguesa e un dos cumes do xornalismo literario

galego. Colaboracións xornalísticas diarias, escritas cunha prosa briosa e engaiolante, documentadas con pasmosa erudición, que Xosé María rearmou o ano seguinte en forma dun libro de case seiscentas páxinas publicado nas súas Edicións Monterrey, ao cal lle daría o título principal de *La ciudad y los días*. Un volume que soubo enfeitar cunha cuberta serigrafada, realizada no obradoiro da *Serigrafía Gallega* do seu irmán Álvaro, sendo o primeiro libro que utilizaba en Galicia esta técnica de impresión.

Un libro, recentemente recuperado para o patrimonio da nosa lingua por Xerais en tradución que realizamos xunto a **Pablo Sánchez Mato**, e no que Álvarez Blázquez vai debuxando amodiño, co seu trazo potente de investigador documental, un impresionante fresco histórico de Vigo, desde o burgo de pescadores na Idade Media que foi –no que xa brillaba a luz de poetas universais como **Martín Codax** e **Meendiño**–, pasando polo carácter de porto corsario que abrigou no século XVIII, ao empuxe da abella ribeira que a converteu na cidade portuaria e industrial punxente que agora coñecemos. Un relato no que ao autor non lle pasan desapercibidos os acontecementos do Terzo de Valadares, as aventuras feudais, a presenza dos piratas, as pestes, as guerras (especialmente a denominada Reconquista), as angueiras pola chegada do ferrocarril e polo desenvolvemento portuario, a inauguración da iluminación eléctrica, o entroido elegante das sociedades recreativas, o xornalismo progresista... nin tampouco as biografías das figuras viguesas senlleiras como **Eduardo Chao**, **Urzaiz**, **Elduayen** e tantos outros.

A cidade e os días é un fresco evocador, latexante de personaxes, acontecementos e soños dunha cidade cambiante. Como salienta o académico **Darío Xohán Cabana**, biógrafo de don Xosé María e o seu colaborador primeiro durante catro anos en Edicións Castrelos: “Este é un libro sen igual en Galicia; ningunha das nosas cidades ten outro que se lle poida comparar en beleza de estilo e en cantidade de información. As actas capitulares, os cartularios eclesiásticos, os arquivos de sociedades, os xornais, as memorias publicadas e as memorias particulares, os libros de viaxes, as antigas e modernas crónicas... en fin, todo canto podía ofrecer a máis mínima noticia foi rigorosamente cacheado polo paciente e minucioso Xosé María. [...] Todo é un fervor de vida, contado con rigoroso recurso ás fontes históricas e cun estilo persoal dunha beleza e dunha capacidade de evocación verdadeiramente maravillosas”.

Porén, tras esta indubidable proeza literaria, fórmula que emulou en 1968 en *El Correo Gallego*, neste caso sobre os principais sucesos de Galicia, baixo o título *Calendario Histórico de Galicia*, a contribución de Xosé María á divulgación da historia viguesa continuaría en traballos posteriores. En 1960 obtivo o premio *Blas Agra* da Asociación da Prensa de Vigo polo traballo *Historia del periodismo vigués*. En 1962 acadou o premio *Enrique Lorenzo Campo* pola súa serie de oito artigos publicados en Faro de Vigo baixo o título *Biografía de Vigo: cartas a mis hijos sobre la historia de Vigo*. En 1971, gañou o Premio Ciudad de Vigo con outra serie de artigos en *Faro de Vigo* publicados baixo o título *Pulso y tiempo de una ciudad. Trilogía*. No entanto, nas dúas últimas décadas da súa vida, sería *Vigo en su historia*, groso volume de seiscentas cincuenta páxinas publicado en 1979 pola Caixa de Aforros Municipal de Vigo, o seu máis importante traballo. Unha formidable obra colectiva, na que Xosé María, xa nomeado dende 1976 **Cronista Oficial da Cidade de Vigo**, se ocupou da coordinación (xunto a Álvaro Cunqueiro), da dirección, da edición e da redacción de máis da metade dos textos que contén.

Como puidemos comprobar, durante máis da metade da súa vida, Xosé María Álvarez Blázquez uniu a súa biografía co ímpeto creador da nosa abella da ribeira de alma punxente e resistente como era a del mesmo. Ben está que os vigueses derrotados do século XXI agradezamos semellante exercicio de autoestima que tantas veces nos falta.

O certo editor

María Dolores Cabrera

13 | **r d l**
Galicia Hoxe 17/05/08



unha entevista feita a **Xosé M.^a Álvarez Blázquez** na revista *Destino* no verán de 1945, co gallo da saída da súa novela *En el pueblo hay caras nuevas*, da que nos dá noticia o seu fillo en *Tempo do pai*, comentaba: “Empecé a escribir versos a los 10 años y a imaginarme que componía libros, imitando pacientemente la letra de imprenta”. Precoz vocación (intención) de editor que corroboran outros documentos que van saíndo á luz neste ano de merecidos recoñecementos a unha figura tan transcendental para as nosas letras e para o mundo do libro galego, ao que dedicou o mellor do seu tempo, da súa creatividade e sabedoría, do seu alento e traballo.

No proceso de ideación e confección do libro, que comeza coa creación do orixinal e remata co placer da lectura, Álvarez Blázquez, exerceu de escritor, editor, cuasi impresor, libreiro, distribuidor, e, sobre todo, ávido e permanente lector. Actividades, todas elas, que configuran, xunto con outras moitas xa a esta altura abondo enumeradas e comentadas -arqueólogo, investigador literario, historiador local, xornalista, conferenciante, mestre...- a súa fecunda e poliédrica vida. Porén, o dono das palabras (escritor) e o descubridor de tesouros (pescudador sempiterno), consciente da necesidade de transmitir e perpetuar estes e outros saberes e descubertas na salvagarda da memoria propia e allea e do “futuro da Terra”, como el teimaba, exercerá maiormente de editor. Sobre todo, logo dos dramáticos e lutosos acontecementos da guerra do 36, que tan nefastos e adversos foron para el e para os Álvarez, vizosa saga, exemplo de compromiso político e cultural co país.

Daquela, esnaquizada a sobranceira **editorial Nós** de **Ánxel Casal**, e con el simbolicamente todo o esplendor cultural do primeiro terzo do século, alén do extraordinario esforzo que se produce no exilio americano e mesmo alentado por este, xa na fronteira dos anos 50, catro son as iniciativas que xermolan, case a un tempo, na lenta e meritoria recuperación do libro galego: a colección pontevedresa de poesía **Benito Soto**, a **Sociedade de los Bibliófilos Gallegos**, en Compostela, e as editoriais **Galaxia** e **Monterrey** en Vigo.

Os artífices e protagonistas das máis delas son membros de grupos xeracionais próximos, coincidentes nas vivencias e compromisos político-culturais da preguerra, de xeito que, non é estraño atopar nunhas e noutras iniciativas os mesmos nomes, os mesmos compañeiros de viaxe, quer como fundadores, quer como autores e colaboradores, quer nas listas de suscritores, quer como fieis lectores. Tal é o caso de Xosé M.^a Álvarez Blázquez, que ademais de editor de seu, en Monterrey, prepara textos e cede orixinais para os outros incipientes proxectos.

No seu periplo vital, ao longo de trinta anos, Álvarez Blázquez levou adiante dous empeños editores diferentes: nos difíciles 50, as minoritarias e primorosas edicións de culto de Monterrey e, posteriormente, contra finais dos 60 e na década dos 70, as máis populares e exitosas de Castrelos.

Edicións Monterrey nace estreitamente vencellada á librería anticuaria homónima que en 1948 abre en Vigo con **Luís Viñas Cortegoso**. Co mesmo espírito, e incluso apro-

veitando o rico fondo deste establecemento, nacen da man dos dous socios e amigos as primeiras coleccións e publicacións, decantándose nun principio pola produción de obras de bibliófilo. Coidadas edicións en pequenas tiraxes, con selectos materiais e primorosa factura, que dan a coñecer ou recuperan textos “raros, curiosos ou inéditos que fagan referencia a Galicia”. A editora desenvolveu a súa actividade principalmente no primeiro quinquenio dos anos 50 e iniciou a súa andaina co poemario *Roseira do teu mencer* (1950) de Xosé María, escrito co xúbilo da súa paternidade sobre e para a súa primeira filla, *Colorín*, a quen magoadamente perderá despois, sendo moza. Ao ano seguinte saen dúas importantes achegas bibliográficas: as poesías galegas de Nicomedes Pastor Díaz, coa *Égloga de Belmiro e Benigno*, autógrafo anónimo que o editor descobre e atribúe ao escritor romántico, e *El buho gallego* con las demás aves de España haciendo cortes..., alegato político a favor do voto de Galicia en Cortes, do VII Conde de Lemos.

A seguir ve a luz *Vida y viajes literarios...* (1952) de Sarmiento, importante contributo á difusión da vida e obra do frade bieito, que nalgunha das súas páxinas preséntase como pioneiro na reivindicación da aprendizaxe da nosa lingua, e tamén recupera outros textos, como a primeira peza que se conserva do noso teatro, o *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño* (1953), datada na segunda metade do século XVII. Otero Pedrayo e Álvaro Cunqueiro, de quen reedita ampliada, *Cantiga nova que se chama riveira* (1957), salientan entre os autores contemporáneos. A aparición do *Cancioneiro de Monfiero*, presentado como un apócrifo do XIII, cando en realidade era unha argallante e provocadora inocentada literaria da autoría de Álvarez Blázquez que autorizaba a data de impresión, 28 de nadal de 1953, deu moito que falar no seu día. A obra evidencia, ademais do fino sentido do humor do autor, os seus fondos e eruditos coñecementos do noso cancionero medieval, do que será por estas datas antólogo de excepción.

A consulta destas obras sorprende gratamente dende o punto de vista formal. Trátase dun fondo que conxuga o primor da presentación co valor e interese dos escollidos textos. Fermosa envoltura que arrisca (daquela) contidos e mensaxes reivindicativos dirixidos a un reducido e atento público. O editor virtuoso, culto e erudito exerce, no fondo, de editor resistente na causa galeguista.

Fóra de colección, publica outros títulos singulares, como as biografías da primeira entrega da *Galería de gallegos ilustres* (1956), a espléndida e enxeñosa edición do *Teatro venatorio y coquinario...* (1958) de Castroviejo e Cunqueiro ou a voluminosa e documentadísima obra *La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo* (1960), froito das colaboracións de Xosé María no xornal *Faro de Vigo* e obra clave para o coñecemento da historia olívica.

En 1953 inaugura a editora a colección *Frol e Froito*, que se presenta como unha opción máis popular e divulgativa, que tenta abrir novos camiños e ampliar o abano de lectores. Con esta marca, ademais duns contos de **Ben-Cho-Shey**, saíran dous títulos de **Gonzalo Mourullo**, *Nasce un árbore* (1954) e *Memorias de Tains* (1956), referentes inaugurais do movemento da Nova Narrativa Galega. Interesa facer alusión a esta incipiente colección, porque o seu espírito e filosofía terá continuidade na seguinte aventura de Álvarez Blázquez: Edicións Castrelos, que nace, desta volta, co apoio dos seus irmáns.

Esta segunda andaiana, logo dun intento divulgativo de caderniños de arte galega a comezos dos 60, consolídase cunha aposta exclusivamente literaria e comprometida coa lingua de nós. Nas coleccións troncais, *Pombal* e *O Moucho*, (logo virían Pico Sagro, con *Canle segredo*, e Mogor) saen a finais de 1967 cadansúa obra inaugural: *Cantos de Nadal*, *Aninovo e Reis* e mais o *Catecismo do labrego*. Pombal, “biblioteca básica do amante da literatura galega”, recupera nos seus 25 títulos agrupados en diferentes series, os textos da tríade do Rexurdimento (Rosalía, Curros e Pondal, varias veces reedi-



tados, xunto a obras de diferentes autores contemporáneos: **Amado Carballo, Ánxel Fole, Celso Emilio Ferreiro, Neira Vilas, Rey Ballesteros** ou **Alfredo Conde**. E, amén doutras antoloxías, traducións e estudos, contra finais dos 70, nun tempo xa de maior permisibilidade, inaugura nova serie, Alexandro Bóveda, onde terán cabida as estremeceadoras memorias dun fuxido **Antón Alonso Ríos**.


Pola súa banda, *O Moucho*, baixo o lema “Libros do pobo pra o pobo”, espallará por todos “os recantos da terra” unha literatura de masas leda e sinxela que, abrindo novos espazos, achegará o libro galego non só ao lector culto, senón tamén ao gran público. Empeño divulgativo especialmente anovador na súa época, ademais de frutífero, co que Álvarez Blázquez vai a acertar plenamente, a vulgar pola espectacular acollida e ampla difusión que estes libríños tiveron nun tempo de escasos hábitos e promoción lectora.

O devandito título alboral, *Catecismo do labrego*, acadou un total de 15 edicións, catro delas mesmo nun só ano (1968). Tamén foron varias veces reimpresas as máis das restantes escolmas temáticas, que beben na literatura popular de tradición oral, e diversas obras de autor coñecido, que adoitan actuar de meros compiladores ou recreadores dos falares e decires das xentes do común, así como as “chispas” do humorista **Quesada**.

Nunha publicación de maior extensión, titulada Xosé *María Álvarez Blázquez. Ourive de libros*, á que en liñas xerais seguimos nesta colaboración, damos conta da relación dos 64 títulos (os seis últimos xa dende Galaxia, á quen o editor venderá fondo e marca en 1979) e mais da longa nómina de autores e colaboradores que configuran a colección, coméntase tamén o aspecto físico destes singulares libros de peto, as súas vistosas cubertas, serigrafadas no obradoiro de Álvaro Álvarez Blázquez, e o protagonismo que en todas elas xogaba a entrañable figura do labrego, creada polo debuxante **Pedro Bofill**.

Varios foron os factores que contribuíron ao éxito destes populares libríños, que fixeron posible a viabilidade económica dun proxecto que nace tamén cunha clara intención comercial, auténtico acontecemento no seu día. Xunto coa oportuna saída no tempo, fins do 60 e década dos 70, anos xa de marcado activismo político-cultural, está a acertada selección de títulos e textos, de clara escolla popular e doada lectura, o orixinal aspecto formal dos exemplares e as chamativas cubertas, o módico prezo e, sobre todo, a eficaz e novidosa estratexia de comercialización e distribución. O escritor lucense, **Darío Xohán Cabana**, que durante catro anos traballou en Castrelos, fala dunha ampla rede cuns 250 puntos de venda, infraestrutura que se complementaba con outros espazos ou puntos de encontro eminentemente próximos e populares que facilitaban a adquisición, e aventura a cantidade duns 600.000 exemplares vendidos. Centos de miles de mouchos con ás de papel revoando e espallándose por dentro e fóra do país para que “tanta xentiña de ben” ocupara e disfrutara o seu tempo de lecer cun libro nas mans!. Admirable e pioneiro contributo para a normalización lectora en galego, froito da teimosía, do infatigable traballo e mais do entusiasmo dun só home, Xosé M.^a Álvarez Blázquez, que coa súa inmensa erudición e sabedoría pensou, recadou, seleccionou, preparou ou solicitou os títulos que habían configurar a colección toda, así como o rico e importante catálogo que nos legou e que fala de seu.

Don Xosé María, o agarimoso facedor de libros, o animador e divulgador da nosa cultura, foi un certo editor. Culto e virtuoso á par que enxeñoso e popular, mais sobre todo editor afouto, comprometido e militante. (“Había tanto que facer!”, diría). Figura capital e imprescindible para comprender a historia contemporánea da nosa edición, e máis especificamente a crónica resistente do libro galego no difícil tempo que vai dende finais dos anos 40 ata a saída da ditadura.



Sensibilidade e rigor

A poesía de Álvarez Blázquez: Obra cumprida

Xavier Rodríguez Baixeras

Na obra que **Xosé M^a Álvarez Blázquez** nos legou sobrancean tres aspectos básicos que, dentro do ámbito da nosa cultura, lle proporcionan o seu carácter excepcional: a notabilísima variedade xenérica, a constante e uniforme beleza formal e a gran riqueza de contidos. Conforme nos introducimos no coñecemento da súa

vida, dedicada en gran parte á exploración da cultura galega, pero tamén á creación literaria, advertimos un decorrer periódico, cíclico, no que as diversas disciplinas ás que se entregou sen descanso parecen programadas con antelación e logo cumpridas rigorosamente. Un poeta e un polígrafo, foi a persoa a quen rememoramos o presente ano con especial devoción. “Polígrafo”, palabra altisonante, un tanto anticuada, mais que designa certeiraamente a quen, no ámbito da escrita, tratou gran variedade de asuntos, de notábel diversidade; e un poeta, cuxa obra tamén ten o seu ciclo, pois foi creada principalmente na mocidade e nos anos 40 e 50. Entrega xenerosa, suma modestia, anhelos de sabenza, gusto polo primitivo, polo inicial, afán didáctico, férreo optimismo e alta capacidade de dominio sobre os desazos vitais son algunhas das peculiaridades que, contrariamente á súa tendencia á dispersión, se manifestan constantes na persoa e na obra de Xosé M^a Álvarez Blázquez.

É o polígrafo consecuencia do poeta? Ou, dito noutros termos, adopta o noso autor unha actitude perante a poesía moi diferente daquela que o empurra a abandonala ou a compola de modo ocasional? Evidentemente, o traballo poético implica unha singular experiencia interior e unha forma propia; isto é, esixe unha dedicación que poderíamos cualificar de exclusiva. Só que, no caso do creador de que tratamos, dous fenómenos que son en principio inalienábeis da expresión poética seguen actuando en territorios diferentes. Refírome ao elemento sensíbel e ao rigor formal. A sensibilidade, o acordar emocional, o abalo da inquedaanza diante de calquera aspecto histórico ou cultural manifestan en **Álvarez Blázquez** un carácter poético, e o mesmo cabe afirmar do rotundo acabado dos textos, así como do estilo, cun léxico e un ritmo que parecen transcender a simple e fría exposición académica. Abonde como exemplo a biografía de cada trobador na súa escolma da poesía medieval. Así **o seu “abandono” da lírica a partir dos anos 60** ofrece todo o aspecto dunha mudanza de orientación sentimental e de inquedaanza intelectual e non é en absoluto excepción: máis dun poeta ten cedido a súa actividade versificadora –ou a ten diminuído, como no caso do noso autor– a prol doutra pola que se sente atraído e na que agora envorca a súa sensibilidade e a súa enerxía.

Agora ben: tal actitude, que comporta –sobre todo se os novos mundos explorados son moitos e disparres– unha diseminación en toda regra, pode ser motivo de desconcerto e, en definitiva, de dano no que respecta á imaxe do poeta, isto é, daquel que, alén de erudito etc., é tamén creador de versos. E, certamente, tal aconteceu sen dúbida con Xosé M^a Álvarez Blázquez, poeta de voz breve máis intensa, que gusta fuxir da repetición das imaxes e das estruturas poemáticas, tanto dentro do neopopularismo como do realismo existencial. Semellante acto de honradez, que, ben alá no fondo, é un exemplo máis de quen posúe un xorne didáctico, adoita ser mal entendido, pois o crítico, ou aquel suxeito (ou suxeitos) a quen corresponda valorar e instalar, adoita ser favorable á insistencia e, se esta non se produce, o poeta pode correr o perigo de non ser tomado a serio. Naturalmente, hai excepcións, pero, infelizmente, o noso escritor non se encontra entre os favorecidos, ou favorecidas, por elas

Fronte ao poema un tanto monocorde da liña imaxinista, *Poemas de ti e de min* ofrece unha variada melodía e ritmos disímiles. Por veces, a imaxe procede da vangarda, mais non afoga a frescura da cadencia de ton popular, que non é nunca aparente, senón auténtica. Cando acabamos a lectura quixeramos máis poemas, pero xa o autor, que escribira moitos destes en plena xuventude, está noutro ámbito, á procura de novas sensacións. Como dicíndonos: “velaí o que quixen facer, tal é o que vos ensino, tales son os modelos; seguir? para que repetirme?” En realidade, está xa entregado á emoción da súa paternidade, a esa tenrura que é Roseira do teu mencer, á sutileza do poema infantil. Son os tempos da fundación, xunto con **Luis Viñas Cortegoso**, da editorial Monterrey (1950) e acaba de ser nomeado comisario das escavacións arqueolóxicas viguesas; pero é que, ademais, prepara a *Escolma de Poesía Medieval*, tarefa que o leva, tan ensumido nela está, a se converter nun trobador máis no seu *Cancioeiro de Monfero*, e debe ir dando cabo –os tempos son difíciles– á novela *Una cabaña en el cielo*. E, sabedor de que en Buenos Aires se convocou o premio Pondal, está preparando ou reunindo os poemas do seu *Canle Segredo*, onde lle dá unha violentísima viraxe á súa obra poética e, de paso, á poesía galega do seu tempo. Como se ve, tempo frenético para el.


Aínda hoxe resulta difícil precisar con claridade a estética deste seu último libro, con que movemento relacionalo, se coa tradición realista galega, se co realismo-existencial español de posguerra ou con ambos. Cabe pensar que de todo hai e que o que nos impide situar *Canle Segredo*, iso que nel nos desconcerta, non ten máis misterio que a destilación dunha voz persoal

entregada á confidencia e a chamar as cousas polo seu nome. O poeta confesa, conversa, declara. O poeta é el. Fóra del e do seu mundo non hai máis nada, de aí que, no fondo, non nos interese moito saber como e até que punto é obxecto de influencias. Poesía persoalísima, estraña ás veces, como o é toda aquela que xorde sen concomitancias que a fagan recoñecíbel, identificábel, clasificábel, sen adherencias que permitan encontrarlle outro autor xémeo, unha música irmá. Nunha palabra: poesía chamada a ser precursora.

Pero o seu autor, unha vez conseguido o premio (1954), xa ten a cabeza noutra parte, talvez no Congreso Internacional de Poesía, que se celebra por Galiza adiante, ou, con certeza, nunha nova novela, *Las estatuas no hablan (os tempos continúan difíciles)*, e non atende ao reclamo da posteridade. **“Funlo leixando e leixado do vento quedou”**, dirá, vinte e dous anos máis tarde, do seu libro. Quedou no aciago tempo da posguerra, quedou no vento que en *Soedá*, o último poema de *Canle Segredo* que escribiría posteriormente, moito máis tarde, en 1973, e que parece remitir a aquel mundo tristeiro e, sobre todo, desleigado, cae morto –tamén el– no ichó dunha aldea sombriza. Aqueles si que eran tempos ruíns para a lírica e, sobre todo, para a lírica galega. Precursor? Precursor de que?, teríase preguntado o poeta, de que poesía? Certamente, non era consciente da relevancia da súa achega, e cando certo día, por fin, deu cos versos orixinais e decidiu que estaban ben e que había que publicalos, xa non o fixo en Edicións Monterrey –que non existía– senón na editorial Castrelos, fundada tamén por el. E aquel libro tan importante e que chegaba con tanta demora foi dado á luz a través dun formato minúsculo, con esaxerada modestia.

Máis tarde será editado como é merecedor, formando parte de dúas coletáneas integrais e como libro independente. E lucirá esplendidamente a súa voz, tan verdadeira, a clarividencia da súa estrutura, a súa sabia variedade formal. Unha poesía na que, segundo o propio autor ten afirmado, se sente máis el, pois “é a miña maneira máis auténtica e madurecida”, un ton conversacional que decorre con fluidez de sabio artífice, unhas partes (amor, infancia,/realidade social) que se complementan e se opoñen e nos dan a coñecer o significado xeral do libro: nun tempo infausto, só cabe procurar o acubillo do amor e da nenez. E a voz do poeta, que corre coma un río oculto, será rumor vivificante.

Será rumor, isto é, seguirá no futuro. Pois é no futuro onde Xosé María Álvarez Blázquez parece albiscar a súa persoa e a súa grande obra, xa cumprida, da que os froitos colleitamos hoxe. Non hai faramalla nela, non hai leria; só traballo, esixencia, dedicación absoluta. Perspectiva global, paixón lírica.



O breve se breve...

Manuel Forcadela

A

obra narrativa galega de Xosé María Álvarez Blázquez (XMAB, a partir de agora) está composta polos seguintes títulos: Os ruíns (Relatos, 1936), O afillado (Relato, 1947) e A pega rabilonga e outras historias de tesouros (Relatos, 1971). Unha simple ollada á obxectividade cronolóxica devólvenos, pois, a imaxe común que asoma en case todos os escritores da Xeración de 1936. Unha actividade literaria e galeguista de mocidade, que coincide cos tempos da II República Española; o tránsito dramático da Guerra Civil, especialmente tráxico no caso de XMAB; a escrita de novelas en castelán nos primeiros anos da posguerra, tal e como fixeron Otero Pedrayo ou Vicente Risco, entre outros; a lenta recuperación da prosa de ficción escrita en lingua galega, que infelizmente coincide cos derradeiros anos da súa vida.

En *Os ruínas* XMAB leva a cabo a construción de cinco prototipos de personaxes (o anarquista, o poeta, o asasino, o ladroeiro, o sátiro). Estes prototipos semellan postularse a partir da presenza na súa historia de trazos de personalidade contrapostos e orixinais. Mais o epígrafe de cada un dos capítulos oculta algunha sorpresa ou algún equívoco. O anarquista non é quen de levar a cabo o atentado, sendo o seu amigo médico quen se atreve a colocar a bomba; o poeta non é fracasado en amores senón que unha intervención decisiva do azar o converte en preferido da súa namorada; o asasino non matou a ninguén senón que a súa sona provén dos comentarios e rexoubas dos seus compañeiros de barco; o ladroeiro recibe un trato paterno-filial por parte do matrimonio ao que quere roubar; o sátiro que fai o amor coas costureiras na beira do río é, en realidade, unha invención dunha delas. Nada é, por tanto, como parece. As palabras, as etiquetas, convértenos en sombras. A narración, a linguaxe, dissolve o enigma e achéganos a unha verdade que xace oculta, por debaixo da aparencia, sempre falaz, sempre mentireira.

A maneira de narrar de XMAB, neste seu primeiro libro, achéganos a unha certa estética de época e que ten que ver cunha certa concepción surrealista do humor ao tempo que nos evidencia a entidade lingüística da “verdade”. A “verdade”, como quería **Hobbes**, non é máis que un efecto da linguaxe e é a linguaxe a que xoga co lector quebrando as súas expectativas, demostrándolle que o título de cada un dos relatos agacha unha interpretación ben diferente da que, en principio, cabería supor, mais non por iso menos coherente. Todos os relatos preséntanos, deste xeito, unha estrutura de enigma-revelación. Hai unha situación inicial de tensión que, finalmente, se nos revela como conciliable coa lóxica. O mundo de súpeto semella resultar incompreensible, como se, por un instante, os deuses toleasen e quixesen evidenciarnos a inconsistencia da nosa maneira de estar no mundo, sempre ilusa, sempre enchida de inxenuidade. Mais, finalmente, e para alivio do lector, todo regresa ao seu sitio, todo ten sentido, todo concorda.

O distanciamento narrativo, a ironía, a presenza do absurdo, o ambiente urbano, os personaxes extravagantes, atribulados pola presenza poderosa dun imaxinario íntimo que non se axusta á súa vivencia real, son trazos que apuntan a futuras tendencias que, décadas despois, se acabarían por mostrar na nosa historia literaria. Hai algo aquí que apunta ao que será, a partir de finais da década dos cincuenta a Nova Narrativa Galega. Algo que antecipa os relatos de **Mourullo** ou de **Camilo González Suárez-Llanos**. Algo que conecta co antisentimentalismo e o antirruralismo defendidos por **María Xosé Queizán**.

Resulta, igualmente, digno de mención o coidado estilístico de XMAB. A elección das palabras, a construción das frases, a presenza engaiolante dun léxico hiperenxebre característico da época en que o libro foi escrito, son un valor engadido que, desde a nosa perspectiva, acrecenta a percepción do rigor formal, toda vez que o discurso se afasta, páxina tras páxina, do esperado, en coincidencia coa orixinalidade temática de que falamos. Esta tensión do estilo, que acompaña o avance transparente das historias, ten en ocasións concesións ao poético como a magnífica metáfora que media o primeiro dos parágrafos de *O sátiro*: “Era a rúa máis anterga da cibdade, na que os cregos, antre liña e liña do pentagrama empedrado, puñan na alborada a solfa queda dos seus panos pretos”.

Escrito no interludio que separa as súas novelas en castelán dos anos corenta e as dos anos cincuenta, *O Afillado* podería ser vinculado a toda a tradición narrativa de posguerra e a iso que dimos en chamar “narrativa existencialista” e que vai encontrar algúns anos máis tarde unha obra exemplar en *A Esmorga* de **Eduardo Blanco Amor**. Ese mundo duro e inhabitable, que procura dentro de si unha raiola de esperanza; os personaxes que chegan a desprezar a propia vida ante a imposibilidade de darlle continuidade á existencia; o

recurso aos sentimentos máis elementais (a tenrura, o amor, a amizade, a piedade) como derradeira salvagarda perante a inxustiza.

O libro *A pega rabilonga e outras historias de tesouros*, de 1971, sitúanos a XMAB no ronsel da corrente narrativa do realismo máxico. Hai, para comezar, un desprazamento espazo-temporal con respecto aos relatos que vimos de comentar. Unha Galicia máis esencialista e antiga que se resucita sobre o fondo de pazos e personaxes fidalgas e campesiñas ao tempo que se abandona a contemporaneidade para situármolos en coordenadas lixeiramente anteriores, mesmo pertencentes a un pasado tampouco excesivamente remoto. Ademais aparece a maxia, a quebra das relacións causa-efecto e a aparición de acontecementos misteriosos e enigmáticos. No primeiro dos relatos *A pega rabilonga* o ambiente rural de fidalgos arruinados e campesiños emigrados serve de marco para a descrición de personaxes aqueixadas por algunha singularidade psicolóxica (senilidade, nostalxia, inxenuidade). A intelixencia hiperbolizada dos animais encontra o seu símbolo nesta pega que bebe licores e dá con tesouros escondidos, un pouco na liña do **Cunqueiro** de *Tesouros novos e vellos*, marabilloso discurso de entrada do mindoniense na RAG. O tesouro, como solución repentina e máxica á probreza, encontra o seu contrario na cobiza, pecado que debe ser pagado pola vella fidalga que protagoniza o relato, morta ao tentar acceder ao lugar do que a pega extraía unhas prezadas moedas de ouro. O contorno circundante vilego e industrial ficou afastado, así como o pesimismo existencial, e agora o discurso alterna entre a narración infantil (inxenua, simbólica, arquetípica, mesmo con certa inclinación cara á transposición do discurso oral) e o discurso máis culto, entre o que cabe, se acaso, percibir unha lixeirísima presenza ao fondo de Valle Inclán.

Breve mais significativa foi, daquela, a achega de XMAB á tradición narrativa en lingua galega. Breve porque o conxunto da súa produción non dá para máis que un pequeno volume de narracións (as once, en total, que vimos de glosar). Significativa porque, a pesar desa brevidade sinalada, a singularidade do seu rexistro é suficiente para podérmolo considerar un mestre; mestre ao que, sen dúbida, os tempos e as condicións misérrimas da nosa industria cultural impediron desenvolver, como merecería, os seus verdadeiros talentos. Hai moito de xeración perdida nesa Xeración de 1936. A guerra, primeiro, e a *Longa Noite de Pedra*, despois, esnaquizaron por completo o seu programa de vida e, o que é peor, o seu compromiso de renovar e modernizar a tradición literaria galega, que aínda habería de esperar por posteriores xeracións para cumprir con este cometido.

Caixas negras da nación

A correspondencia de Fermín Bouza Brey a Xosé María Álvarez Blázquez

Carlos Callón

C

o festexo do Día das Letras chegou ás librarías *Tempo do pai*, unha biografía de **Xosé María Álvarez Blázquez** feita por un fillo e un poeta. Nela, **Xosé María Álvarez Cáccamo** reconstrúe a peripecia vital pública tirando do fío das vivencias familiares, íntimas e diarias. Aínda que auxiliado tamén por outros testemuños, o que se nos ofrece principalmente é a memoria de fillo, como ben describe o propio autor. Neste artigo achegarémonos sucintamente a Álvarez Blázquez grazas á información de que dispomos a través doutra ollada: a da intensa correspondencia que mantiña con **Fermín Bouza Brey**, con epístolas conservadas desde a década de 40 até comezos dos 70, cando falece o autor de *Nao senlleira*. Parte desa correspondencia foi publicada no número 359 da *Revista das Letras* por Antonio Rodríguez López e puidemos acceder á mesma grazas ao seu editor e a Xosé María Álvarez Cáccamo.

O achegamento á correspondencia é fundamental para a reconstrución do tempo persoal e histórico, funcionando como unha das principais caixas negras das que podemos botar man. Neste caso en concreto, a importancia é aínda maior, pois nas súas misivas encontramos un diálogo impensábel nun contexto fascista como o que eles teñen que padecer, de violencia, prohibición dos símbolos nacionais, manipulación da opinión pública, censura, etc. Ambos son exilados interiores, nalgún momento represaliados polo franquismo e aínda por riba pertencentes a unha cultura negada.

Nestas epístolas encontramos concentrado o potencial para a explosión e a expansión cultural que daquela era inviábel. En poucos parágrafos, xuntan as discusións e demandas de información sobre arqueoloxía, terminoloxía, etnografía, etc, dentro dunha forte e estreita colaboración intelectual. Dinse por escrito, porén privadamente, cousas que non se poden expresar en público de ningún xeito, como na carta datada o 9 de xaneiro de 1950 en que Bouza se lamenta da morte de **Castelao**, que é tamén lembranza do traumático golpe de estado e represión posteriores a 1936, do que tanto ansiaría vingarse, segundo as súas propias palabras.

Non é só o que se din, senón tamén como o din: sempre en galego (excepto unha, datada o 22 de xuño de 1949). Este é un dato moi importante, pois a lingua prohibida sobrevive nas catacumbas, en situación precaria, aínda que non unicamente na oralidade.

Estas súas misivas móstrannos que nas difíciles décadas de 40 e 50 existiu divulgación científica e

difusión literaria en galego en Galiza, só que con moitísimas carencias e limitacións, para grupos moi rixtrinxidos e que moi dificilmente poderían utilizar este idioma se quixeran que os seus textos chegasen ao prelo. Referímonos á difusión de anexos manuscritos, á petición (vémolos nalgúns casos) de que as cartas sexan dadas a ler a terceiras persoas, ao empréstimo de tales textos, ou á reprodución mecanográfica de varios exemplares de determinadas obras grazas ao papel carbón.

É unha situación semellante á que se tiveron que enfrontar os propios Álvarez Blázquez e Bouza Brey cando realizaban as súas pesquisas para retirar as tebras aos chamados *Séculos Escuros*. Moitos dos textos en galego que hoxe vemos nos libros de texto correspondentes a eses séculos non foron publicados daquela, senón que chegaron grazas a manuscritos que circulaban e textos incluídos en cartas que chegaron até nós.


Como é sabido, Álvarez Blázquez é pioneiro en tentar abrir as portas das catacumbas, para poder achegar como editor e como libreiro a cultura galega a máis público e co prestixio que ofrece a letra impresa.

Para ambos, Galiza está no centro das emocións e tamén das preocupacións intelectuais. Cando nas súas misivas abrollan os nomes de figuras e institucións científicas ou culturais doutras latitudes do mundo, é na medida en que poden axudar a explicar mellor o propio país ou a divulgar as especificidades galegas. Nese camiño, Portugal é un referente imprescindíbel, co que hai que tecer pontes de colaboración tendo como piares a lingua e as raíces comúns, desde a prehistoria sobre a que tantas veces se debrozaron até a Idade Media.

Que a amnesia non se apodere da sociedade galega é tema recorrente e, nalgúns casos, deberíanos servir tamén de recordatorio para a actualidade, como o deixamento co centenario de **Curros** ("co conto de que ten sona de crerófobo e galeguista querece silenciar", 12/11/1950), a situación de abandono da tumba de **Aurelio Aguirre** (01/11/1957) e, na súa época, tamén a de **Rosalía**, etc.

Non é unha hipérbole afirmar que **nada do pasado de Galiza era alleo á súa curiosidade e ao seu interese**. Nas épocas das que se conservan textos, o estudo profundo dos mesmos e da súa interrelación co seu tempo; cando non se conservan, a investigación exhaustiva até encontrar con algún ou, no caso en que historicamente fose imposíbel, establecer o diálogo cos testemuños conservados. A prehistoria e a arqueoloxía facían parte, así, dos seus entusiasmos, tendo que suplir como podían as carencias de formación, pois deles dependeu en moitos casos que non se destruíse patrimonio milenar e que se efectuasen importantes descubertas mesmo con repercusión pública. En varias ocasións, a presenza dos seus traballos nos medios de comunicación foi motivo de desagrado.

Sería moi proveitoso para reconstruímos esta época a publicación completa tanto da correspondencia de Fermín Bouza Brey a Xosé María Álvarez Blázquez como as respostas do mesmo, até o momento inéditas. Sería un extraordinario agasallo que se realizase antes de que finalice este 2008 dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez.



Pedra, papel, tesoura

O jogo da pesquisa de Álvarez Blázquez

Celso Álvarez Cáccamo



Imagino meu pai, **Xosé María Álvarez Blázquez**, de miúdo a iniciar-se no jogo de Pedra, Papel, Tesoura com os seus amigos nas ruelas de Tui. O jogo deve ser antigo: Dous meninhos frente a frente ocultam um braço por detrás da espalda, cada um a compor com a mão uma destas três figuras: punho fechado é Pedra, mão aberta é Papel, dous dedos esticados é Tesoura. À voz de “um, dous, três!”, os dous competidores exibem rapidamente a mão, dizendo o nome da figura escolhida: “Tesoura!”... “Pedra!”... “Papel!”. A Pedra de uma criança bate simbolicamente na Tesoura da outra e ganha. A Tesoura corta o Papel e ganha. O Papel envolve a Pedra e ganha. O jogo é portanto cíclico, infinitamente repetível. O jogo representa a trajetória de pesquisa de

Xosé María, declaradamente cíclica mas ao mesmo tempo incansável, na procura dos signos da cultura.

Pedra

No jogo, às vezes há empate se as duas figuras são iguais. Um dia, a jogar, Xosé María escolheu Pedra e o seu adversário também. Então Pedra bateu contra Pedra e da mais débil saiu projectada ao chão uma cortante lasca paleolítica. O núcleo da Pedra mais branda continuou a reduzir-se polos impactos da outra, e formou-se um artefacto biface de 300.000 anos de idade. O adolescente Xosé María deveu tê-lo entre as mãos, admirado do desenho, e compreendeu que em diante devia escolher decididamente Pedra. E assim procurou os primeiros signos da cultura que são os úteis pré-históricos, os machados, os percutores, as lascas, as construções megalíticas, e os posteriores castros, as aras, as estelas funerárias de granito. Começou em 1934 com as campanhas no castro de São João de Baiom (“San Johan de Bayon” no seu texto inédito). Na fotografia esvaída e picada pola química que tenho perante os olhos observa-se vagamente um grupo de pessoas a desbroçarem o monte de Baiom. Provavelmente eles sejam os irmãos de Xosé María e a sombra do fotógrafo ele próprio.

De 1933 a 1935, quando apenas tinha 18 ou 19 anos, Xosé María continuou as campañas de pesquisa arqueológica sob a direcção de **Manuel Fernández-Valdés Costas** nos castros d'A Guía e de Cabeça de Francos, em Tui. Em 1935 publica em galego o seu primeiro trabalho não criativo, na revista *TVDE*, sobre este segundo castro. Assim, a pedra trabalhada, símbolo da primeira cultura humana constatável, assenta-se na imaginação e na procura de Xosé María até limites obsessivos. Durante toda a vida, Xosé María nunca deixaria já de escolher a Pedra das origens, desde a sua nomeação como Comissário Local de Escavações Arqueológicas em Vigo em 1949, em Hio, no castro de Vigo, nos seus últimos capítulos inéditos de 1981, para um inacabado livro *O home a vista de páxaro*, ou na sua nunca começada *Biografía del hombre de Cro-Magnon*. A importância da pesquisa de Xosé María Álvarez Blázquez na arqueologia galega e internacional começa a ser revalorizada mercê ao minucioso exame de pessoas e projectos como os de **Pilar Barciela Garrido**, do **Museu de Castrelos**, com a colaboração de **Gregorio Casado**, ou o de **Eduardo Méndez**, da **Universidade de Santiago** e do **Instituto de Estudos Minhoranos**. Eles escolhem Pedra, também.

Papel

Xosé María já mora em Vigo desde 1941. A finais da década, numa livraria de velho, empreenderia com **Luís Viñas Cortegoso** o labor de resgatar das agónicas bibliotecas do país os signos escritos da cultura, enquanto continuava a percorrer os caminhos das pedras com **Pedro Díaz, Eliseo Alonso** ou **Antonio Fernández**.

Um dia, ao regresso dum passeio arqueológico venturoso, Xosé María coloca na sólida mesa da livraria um formoso machado paleolítico. Começa a envolvê-lo com um idoso papel para preservá-lo, e de súbito repara na folha utilizada: é um esquecido vilancico galego do século XVII. Xosé María desenruga a folha, lê, fica absorvido brevemente, e compreende: Papel envolve Pedra e ganha. Já muito antes escolhera Papel, claro (nos seus escritos que deveriam ficar inéditos pola queda da República, na sua poesia de juventude), mas agora, em lugar de escrever Papel, vai ir recuperá-lo polos livros antigos e polo país, como as Pedras. Em 1952 edita poemas dos cancioneiros medievais na sua Escolma I em que colaborou tão intensa e sabiamente **Manuel Rodrigues Lapa**, como os dous amigos se dizem em cartas. Animado por Xosé María, como lhe conta na correspondência e sabe **José-Martinho Montero Santalha**, Lapa também jogará a encontrar Papel e publicará em 1965 a sua edição das Cantigas d'escarnho e de maldizer em **Galaxia**. Em 1959, Álvarez Blázquez publica a *Escolma II* de textos galegos dos chamados Séculos Escuros. E até os seus últimos anos continuará a resgatar vilancicos com fragmentos em galego (até um número de mais de 200), a *Égloga de Belmiro e Benigno* de **Nicomedes Pastor Díaz**, um poema de **Aurelio Aguirre**, os poemas portugueses de **Francisco Añón**, e muitos outros Papéis que deveu ir vendendo às vezes por necessidade ao seu amigo **Fermín Penzol**, e alguns que manteve no seu arquivo.

Tesoura

É a primavera de 1964. Eu tenho 5 anos e estou no gabinete de meu pai no andar de Vigo, observando-o trabalhar. Xosé María tem na mesa muitos papéis e segura na mão umas enormes tesouras com as que recorta textos que cola em folhas brancas e ordena no excessivo arquivador agora numerado 77, de cobertas de cartão duro ligadas com laços vermelhos. Num dado momento, Xosé María eleva as tesouras e admira-as a contraluz da tarde, entre o eterno fumo de tabaco do gabinete. Parece embelezado. Corta duas tiras de papel, coloca-as lado a lado numa folha, cola-as, e observa-as uns instantes. De súbito diz em alto: “Tesoura corta Papel e ganha”. Xosé María corta mais duas tiras, duas lascas de papel, cola-as lado a lado numa folha, corta outras duas, cola-as, agrupa duas, três, cem folhas de galeradas de poesia, de provas de granel, e faz um livro. Xosé María compreende que agora em diante deve escolher Tesoura firmemente. Já antes, claro, desde 1950, com a

editora Monterrey, jogara Tesoura, e algumas vezes ganhara. Publicara belas jóias como o seu próprio livro *Roseira do teu menceir*. Mas agora é o momento de aplicar as Tesouras ao Papel como máquinas que rangem, para semear o país de mouchos e doutras aves escritas.

Durante três lustros Xosé María obtém faíscas da Tesoura da editora Castrelos, a compor longas faixas que cheiram a goma arábica fresca diante dos meus olhos. Em 1967 faz a maquete do irrepetível *Catecismo do labrego*, que vendeu tantos exemplares como Pedras deve haver ainda sob a assassinada indústria lírica das Gândaras de Budinho. Em diante, as Tesouras cortarão os Papéis que têm as letras que procedem da fala que vem da gente, a dos refraneiros e cantigueiros populares, a da poesia do XIX, a da poesia social do seu amigo Celso Emilio, a das traduções dos clássicos, a do indescritível testemunho do fugido **Antón Alonso Ríos**, a da narrativa galega recente. São palavras que se teriam perdido sem as humildes Tesouras industriais de Xosé María Álvarez Blázquez, o incansável editor.

Final de jogo

É o ano 1979. Xosé María tem diante de si, nos seus vários lugares de trabalho (o gabinete da casa onde faz de escritor, de Cronista de Vigo e de Comissário Local de Escavações Arqueológicas, a vedraia trastenda da editora, a Sala de Arqueologia do Museu de Castrelos de cujo Patronato é membro, o seu gabinete de professor no Instituto Politécnico Náutico-Pesqueiro...) centenaes de pedras que afiam tesouras que cortam milhares de papéis que envolvem centenaes de pedras. O jogo foi cíclico, mas também constante, intenso, cheio de gestos rítmicos e rápidos, demasiados para um coração que começa a estar doente. Para Xosé María é hora de descansar da severa procura. Vende as Tesouras da editora por pouco preço, e retorna a escolher o Papel dos seus escritos inacabados, o que chamou *As Fontes*, com o mesmo assombro do começo, o das ruelas de Tui onde quase sessenta anos antes aprendera os ciclos da pesquisa.

Um dia de Março de 1985 Xosé María deixa de jogar. Ele talvez ainda quisesa, mas as mãos do seu corpo não se movem. E deixa sem concluir e sem publicar numerosos Papéis, numerosos escritos e conferências sobre arquitectura rural galega, sobre Valle-Inclán, sobre a soldadeira **Maria Balteira**, sobre os vilancicos galegos, sobre a poesia de protesto, sobre o eterno chamado do mar, sobre **Lopo Lias**, sobre um troveiro namorado, sobre as cantigas de escarnho, sobre **Pintos**, sobre os nossos antepassados, os “fillos da noite e do medo”, os primeiros inventores da Pedra.

Xosé María deixou tudo isto disposto em profundos armários com estantes. Talvez ele lamentasse não poder sair já a apanhar pedras, ter vendido as afiadas tesouras, não ter confeccionado, em audaz papiroflexia, as suas *Fontes* de papel. Mas já se sabe o obsessivos que podem chegar a ser os jogos. E hoje isso já não importa. Não importa. Porque no jogo de Tesoura, Papel e Pedra, se se aposta tão bem como Xosé María e durante tanto tempo, nunca se perde. Hoje outras pessoas, muitas pessoas, estamos aqui, e continuamos a arriscar com as enormes tesouras de Xosé María, com os seus papéis e com as suas pedras. E estamos a colocar tudo quanto podemos com cuidado na luz pública, como fazia ele, para que o jogo da procura colectiva dos signos da cultura nunca cesse, nunca cesse, apesar dos insidiosos adversários das letras, de qualquer forma das letras galegas, como as que resgatou Xosé María, como as que escreveu Xosé María, como estas.

.....
Celso Álvarez Cáccamo é fillo do XMAB e escritor.



Re-coñecemento de XMAB

Xosé María Álvarez Cáccamo

A

*primeira imaxe da memoria que comecei a
construír logo da morte do meu pai foi a do seu corpo deitado no
sofá do despacho, a durmir a sesta inaprazábel de todas as tardes.
Foi lembranza da vida inmediata que pretendía anular outras figuras
máis dramáticas, as da derradeira luz no Hospital Xeral de Vigo.*

Ao día seguinte do falecemento de meu pai, que ocorreu o 2 de marzo de 1985, entrei no seu estudo e sentín a agresión da ausencia, unha atmósfera violenta, incomprensíbel, a ocupar o ámbito completo onde transcorreran cuarenta anos de intelixente labor infatigábel. Daquela rexistrei así o impacto daquel asombro:

“ Voltei a entrar na casa. Ti marcharas a ocupar o teu sitio na aldea transparente. No despacho pervive un corpo en pé, de fume. As persianas non fechan. Nacen fendas através das que voan, golpeándose, pombas. As madeiras dilatan, abren cráteres, inchan sumidas polo mar que entrou de noite. Escora a casa transportando un peso de auga fósil.”

De vagar fun aceptando as sombras da distancia e o silencio mentres reconstruí a relato da vida, fragmentos, escenas, episodios e núcleos de sentido, razón da existencia de **Xosé María Álvarez Blázquez**, o pai, o amigo, o escritor integral. Era o habitante novo da nación transparente onde nada muda. *“A túa inamovíbel forma de ser, definitiva, / comeza a cruzar diáfanos estratos...”*, díxenlle. E comprendín que Xosé María estaba completo. Que comezaba para nós unha nova fase de coñecemento, a do diálogo con el na memoria. Ás veces ingresaba no meu soño con atributos confusos e indecisos o pai de nome inexacto que viña a censurar a miña condición de home vivo, veciño das horas solares e incapaz de rescatalo a el do dominio das sombras. A ferida da orfandade inconcebíbel foi cicatrizando para abrir un tempo sereno de novas certezas. Da releitura dos seus libros, da preparación da edición da *Poesía galega completa*, publicada en 1987, da de *Sonetos del alba insomne*, de 1995, e *Escolma de familia*, do 2000, derivou unha disposición anímica de pacífica conversa co poeta desaparecido, reaparecido para mostrarnos a evidencia do seu maxisterio. Fun coñecendo facetas, antes inéditas para min, do seu tempo de home e de escritor, do home entregado desde a raíz á paixón total da escrita. Remexín nos seus papeis, descubrín manuscritos sorprendentes, tentei elaborar un inventario do seu inmenso arquivo de humanista, contrastei as miñas lembranzas coas conservadas na memoria da miña nai e dos meus irmáns e irmás e persistín no diálogo coa súa voz permanente. Ao longo de vinte e dous anos, desde marzo de 1985 a xuño de 2007, non deixei de pensar nel, de pensalo, de teimar no exercicio da evocación da súa vida e de revisitar a súa obra, unha obra de creación, investigación e comunicación inseparable do rumbo vital.

Desde o momento mesmo en que a Academia Galega escolleu en xuntanza celebrada o 30 de xuño de 2007 a Xosé María Álvarez Blázquez como figura do Día das Letras do ano 2008, comezou para nós, fillos e fillas, xente próxima, investigadores, profesores e lectores, unha nova xeira de aprendizaxe. É a hora alta do recoñecemento público, do re-coñecemento, un regreso máis decidido a labores de estudo e análise, de releitura da vida e da obra de Álvarez Blázquez e, en moitos casos, da oportunidade dun primeiro achegamento aos seus libros e aos seus itinerarios biográficos. Eu asumín o encargo que me correspondeu nesta nova aventura emocional e intelectual coa escrita de *Tempo do pai*, memoria miña dos seus días, lembranza implicada, alén doutras encomendas de escrita e comunicación. Procurei o deseño do sentido global dunha existencia que, mentres transcorría, se me foi mostrando en feliz e amorosa sucesión e logo, desde aquel marzo da ausencia, foi suma de fragmentos, tentativa de reconstrución en dilatada conversa evocativa. No curso desta nova etapa cognoscitiva vou coincidindo coas procuras, coas descubertas, coas certezas e dúbidas doutras persoas comprometidas tamén na recuperación do discurso privado e público de Xosé María Álvarez Blázquez. Intercambio noticias e opinións cos meus irmáns e irmás, comparto o pensamento escrito e a comunicación oral de **Alfonso e Celso**, prólogos, conferencias, libros en preparación e de inminente saí-

da: a Fotobiografía de Alfonso, a compilación dos estudos literarios que organiza Celso. Leo e escoito con emoción a palabra doutros escritores e escritoras entregados hoxe á causa de Xosé María Álvarez Blázquez, fervor e intelixencia reconfortante na escrita e na voz de **Xavier Baixeras, Darío Xohán Cabana, Clodio González Pérez, Carlos Bernárdez, María Dolores Cabrera, Manuel Forcadela, Irene Pérez Pintos, Miguel Mouriño, Gonzalo Navaza, Francisco Fernández del Riego, Pilar Barciela, Méndez Ferrín, Sabino Torres, Vítor Freixanes, Fernando Acuña Castroviejo, Marga Romero, Xosé Luis Franco Grande, Manuel Bragado, Xoán Martínez Tamuxe, Rafael Sánchez Bargiela, Ana Acuña...** É unha enerxía inmensa, de voz colectiva, libros, discos, páxinas de xornal, emisións radiofónicas e televisivas, xeneroso e inxente labor editorial, iniciativas privadas de asociacións e centros de ensino, ou da Administración pública en concellos como os de Tui, Porriño, Teo, Nigrán e Melide, exposicións como as organizadas pola editorial **Galaxia** ou o **Museo de Castrelos**, volumes colectivos e celebracións como as do **Instituto de Estudos Miñoranos...**

Aínda non estamos na hora do balance e, polo tanto, a nómina de persoas e institucións implicadas fica inevitabelmente incompleta. A listaxe anterior é unha mostra insuficiente do noso agradecemento, o da familia de Xosé María Álvarez Blázquez, a esa corrente desbordante, abraiante, da palabra colectiva na festa rachada do recoñecemento ao labor inxente e radical de quen foi un dos intelectuais máis comprometidos coa causa universal da cultura e do ser nacional de Galiza. A **Academia Galega** –para eles un fervoroso aplauso– declarou o ano 2008 como tempo acaído para un novo e decisivo proceso de coñecemento da obra e da vida do poeta, narrador, dramaturgo, arqueólogo, historiador, medievalista, xornalista e editor Xosé María Álvarez Blázquez. Parabéns.